

ACTA NÚM. 1 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA CINCO DE XANEIRO DE 2015.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas** do día **cinco de xaneiro de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

A S I S T E N:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.

Dona Ana Gago Fernández, **Viceinterventora do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten as/os concelleiras/os Dona Mar Martín García, Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales, Don José A. Baqueiro Canabal, Dona Rosario Valledor Puente e Don Rafael Xesús Vilar González.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.

2. Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal do concello para o ano 2015.

O **Sr. alcalde-presidente** indica o inicio da celebración do presente pleno con carácter extraordinario e urxente, e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta a sesión, en cumprimento do disposto no artigo 46.2.b da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o **Sr.alcalde-presidente** somete a consideración do pleno a ratificación da urxencia da Sesión.

Trala xustificación da urxencia por parte do **Sr Quiroga Limia, concelleiro delegado de Área de Facenda**, sométese o punto da orde do día a **votación da urxencia**, tendo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 PP Votos en contra: 2 BNG Abstencións: 4 PSdeG-PSOE
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta aprobar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente do 5 de xaneiro de 2015.

2. RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2015.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de novembro de 2014, aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade, do seu organismo autónomo e das sociedades mercantís de capital integramente municipal, así como as bases de execución do orzamento e o cadro de persoal para o ano 2015.

O acordo someteuse á información pública polo prazo de quince días hábiles mediante anuncio inserido no BOP da Coruña do día 2 de decembro de 2014.

No indicado prazo presentáronse as seguintes alegacións:

- 1.- Grupo Municipal BNG, rexistro de entrada nº 59227, de 22 de decembro.
- 2.- Grupo Municipal PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 59285, de 22 de decembro (Francisco Reyes Santiás en calidade de concelleiro).
- 3.- Grupo Municipal PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 59286, de 22 de decembro (Francisco Reyes Santiás, en calidade de representante do Grupo Municipal Socialista).
- 4.- Francisco Reyes Santiás, rexistro de entrada nº 59288, de 22 de decembro (en calidade de veciño, aínda que asina como voceiro do grupo municipal socialista).
- 5.- Sindicatos CIG, UXT, CCOO, rexistro de entrada 22 de decembro Xunta de Galicia.

- Os informes que se emitiron sobre as alegacións presentadas son os que seguen:

* Informe de intervención 910/2014 sobre as alegacións e reclamacións presentadas.

* Informe de intervención 911/2014 sobre as alegacións presentadas polas seccións sindicais CIG, UXT, CCOO xunto co Comité de empresa.

* Informe do Director da área de persoal, contratación e informática, do 29 de decembro de 2014.

Figura tamén no expediente un informe do Secretario Xeral do Pleno – Director da Asesoría Xurídica do 29 de decembro de 2014 relativo ao concepto de interesado para os efectos de presentar alegacións á aprobación inicial do orzamento.

Finalmente, o concelleiro delegado de facenda e administración pública presentou o 29 de decembro de 2014, a seguinte proposta final de aprobación definitiva do orzamento:

“O Concello - Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 28 de novembro de 2014 prestou aprobación inicial ao Orzamento Xeral desta Entidade, do seu Organismo Autónomo e das Sociedades Mercantís de capital integramente municipal para o exercicio do 2015.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, a cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 2 de decembro de 2014 (BOP nº 231), comezando a súa exposición o día 3 de decembro e rematando o prazo da mesma o día 22 de decembro.

No citado período, e de conformidade coa certificación emitida, foron presentadas polos interesados un total de 5 alegacións (unha do grupo BNG, tres por Don Francisco Reyes e unha polos sindicatos), as cales forman parte da documentación que conforma o expediente de Orzamento Xeral para o ano 2015; posteriormente, solicitáronse os informes pertinentes co obxecto de dar cumprimento ó previsto no artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común.

En consecuencia co anterior, tendo en conta os citados informes que figuran no expediente referenciado como “Alegacións ao Orzamento 2015”, propónse ó Concello Pleno da Corporación, unha vez que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, emita o seu preceptivo ditame, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar non admisibles as reclamacións presentadas por Don Francisco Reyes Santiás en calidade de concelleiro e de representante do Grupo Municipal Socialista-PSOE (nº entrada 59.285 e 59286) ao Orzamento Xeral, por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no informe de data 29 de decembro de 2014 subscrito polo Asesor Xurídico-Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

SEGUNDO.- Declarar non admisible a alegación presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao Orzamento Xeral (no entrada 59.227), por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no

informe de data 29 de decembro de 2014 subscrito polo Asesor Xurídico-Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

TERCEIRO.- **Declarar desestimadas** as alegacións presentadas por Don Francisco Reyes Santiás en calidade de veciño de Santiago de Compostela (nº entrada 59.288) ben por non se basean nos motivos taxados do artigo 170 do Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ben porque non incumpren ditos supostos, segundo se razoa e argumenta en informe de data 29 de decembro de 2014, Ref: 910/2014, subscrito polo interventor xeral e que está incorporado ó expediente.

CUARTO.- **Declarar desestimadas** as alegacións presentadas polas Seccións Sindicais da CIG, UGT., CCOO xunto co Comité de empresa (nº entrada 59.925), ben por non se basean nos motivos taxados do artigo 170 do Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ben porque non incumpren ditos supostos, segundo se razoa e argumenta en informe de data 29 de decembro de 2014, Ref: 911/2014, subscrito polo interventor xeral e que está incorporado ó expediente e do director de área de persoal, contratación e informática da mesma data.

QUINTO.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral do concello de Santiago de Compostela, composto polo da entidade matriz, o seu Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

SEXTO- Aprobar os cadros de persoal da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

SÉTIMO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran.

OITAVO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, se remitirá copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial ó que se refire o apartado anterior.

NOVENO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma previsto no artigo precitado e surtirá efectos dende o un de xaneiro.

DÉCIMO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.”

Ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Afirma que a aprobación definitiva dos orzamentos de 2015 permite continuar coa construción do futuro da cidade. Ademais, lembra que fai vinte anos, coa excepción dun, que non se aprobaban inicialmente no mes de novembro, e de xeito definitivo nos primeiros días do ano.

Grazas a iso, prosegue, agora a cidade contará coa planificación necesaria para a súa xestión.

Por outra banda, clarexa que ao longo do presente mandato producíronse algunhas circunstancias que impediron cumprimentar este trámite en prazo. Todo iso, asegura, amosa unha clara capacidade de xestión do goberno local que en pouco máis de cen días elaborou o principal instrumento económico para a xestión da cidade, e aprobou un beneficioso e incentivado plan fiscal para o 2015.

Puntualiza que neste momento os orzamentos atópanse na fase de reclamacións, non na de debate, pois xa se aprobou e debateu o día 28 de novembro. Engade que durante este período os veciños puideron presentar reclamacións no caso de non estar de acordo, cuestión que non se produciu propiamente por estes senón polos grupos políticos e tres sindicatos, dos cinco existentes no concello.

Antes de entrar no análise das alegacións, considera que é preciso facer un breve repaso sobre o orzamento de 2015 aprobado o 28 de novembro, aos que califica como sociais, inversores, dinamizadores e planificadores da cidade. Ademais, sinala que están garantidos grazas aos seguintes indicadores:

Orzamento de déficit cero.

Orzamento de débeda cero.

Orzamentos sociais, os de maior gasto social de toda a lexislatura, incluído o ano 2010.

Orzamentos inversores, o de maior gasto inversor da lexislatura.

Orzamentos realistas e equilibrados, e que planifican o futuro da cidade.

Dende o seu punto de vista, a principal característica do orzamento de 2015, é que conta co maior nivel de gasto de todo o mandato, superando incluso ao ano 2011, 102 millóns no 2015 fronte aos 95 do ano 2011, e que rebaixa nun 40% a carga financeira aos cidadáns. Tamén indica que aumenta nun 1,65% e nun 8,8% os ingresos non financeiros, cumprindo así cos parámetros da estabilidade e regra do gasto, e sen déficit.

Do mesmo xeito, di que se incrementa un 35% a seguridade e transporte público, un orzamento que aumenta o 20% dos investimentos produtivos, e un orzamento co maior nivel inversor de todo o mandato, 11,9 millóns fronte aos 9,9 de 2014, e aos 8,5 do ano 2011. Asegura que contempla actuacións plurianuais, como a intermodal con tres millóns cen mil euros, as instalacións deportivas en San Lázaro con 3,5 millóns de euros, ou o Auditorio de Galicia con 1,3 millóns de euros. Destina, ademais, un orzamento de 1,4 millóns de euros para políticas de emprego, e 1,4 millóns para financiar a cultura e o Auditorio de Galicia.

En canto ás alegacións como cuestións previas, sinala que, ao igual que co Plan fiscal débese profundizar na necesidade de chegar a acordos e consensos cara o futuro, a vía do diálogo ten que imperar tamén instrumento económico.

Ao respecto, informa que só se presentaron tres alegacións e que ningunha provén de parte dos veciños da cidade. Especifica que o PSdeG-PSOE presenta tres iguais, unha alegación por parte do Sr. Reyes Santiás como veciño, e que a alegación do Bloque Nacionalista Galego é por parte dos sindicatos CIG, UXT, CCOO e Comité de Empresa. Ademais, resalta que dende o sindicato da policía e dende o CSIF non se presentaron alegacións.

Antes de entrar na análise de cada alegante e alegación, tal e como relatan os informes dos técnicos municipais que van no expediente, clarexa as seguintes cuestións:

Primeiramente, expón que o orzamento xa se debateu e aprobou o día 28 de novembro, polo que agora atópase na fase de reclamacións.

En segundo lugar, informa que a lei limita concretamente quen pode reclamar e que tipo de reclamacións se poden realizar. Así de acordo co artigo 170 da Lei de Facendas Locais, só están lexitimados os habitantes, os que resultan afectados, e os colexios oficiais, cámaras, sindicatos, etc. Puntualiza que só se pode reclamar por motivos moi taxados, en concreto, por non terse axustada a súa elaboración e aprobación aos

trámites, por omitir o crédito necesario, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos.

En conclusión, tal e como establecen os técnicos municipais, sostén que ningunha das alegacións presentadas xustifica os motivos taxados de reclamacións, razón pola cal son desestimadas:

As alegacións formuladas polo PSdeG e BNG como grupos políticos, tal e como establecen os informes xa que esta fase é para os veciños ou determinados colectivos e non para grupos políticos, os cales xa debateron e votaron o orzamento o 28 de novembro.

En base ás alegacións presentadas polo PSdeG-PSOE, concretamente polo Sr. Reyes Santiás, porfía que en liñas xerais supoñen unha minoración de partidas por un importe de 3 millóns de euros, e un aumento doutras polo mesmo importe.

Na alegación núm. 1 referida a supresión de gastos inxustificables e superfluos, cunha minoración de 1,8 millóns de euros, retruca que non se trata nin de gastos superfluos, nin inxustificables, máis ao contrario, carece de xustificación a proposta de supresión de tales gastos. Di que se trata de partidas que soportan contratos preexistentes, compromisos adquiridos, contratos de administración pública, etc. Polo tanto, propón a minoración de partidas que non serían posibles tales como a asistencia técnica de inventario, o proxecto de smart citys, a asistencia á cartografía municipal, o proxecto de urbana norte, o plan director de sustentabilidade e eficiencia enerxética, o millón de euros no proxecto de smart citys, o custo de publicacións de ofertas de emprego, o contrato de inspección fiscal, e a loita contra o fraude fiscal. En suma, insiste que ningunha delas pode ser admitida.

En canto á supresión de gastos diversos, minoración de partidas de 1,9 millóns de euros, indica que tal e como establecen os técnicos municipais o seu concepto 226 ten oito subconceptos, de xeito que o uso de cada un procede, segundo a norma de contabilidade pública, á supresión destas partidas. Sinala que tampouco resulta posible na maior parte dos casos, ao tratarse de gastos afectados a ingresos, como son os expedientes de execución subsidiarias urbanísticas, cun importe de 806 mil euros.

En referencia a outras alegacións, concretamente ás referidas ao aumento da partida de gasto social, recorda que esta área aumenta, un 20%, e sitúase nos 9 millóns de euros 1,4 superando á de 2014, e 2,5 millóns máis que en 2010, consolidándose como o maior gasto social de todo o mandato.

No tocante á alegación feita ao plan de emprego, mantén que aumentan as partidas de fomento do emprego neste orzamento e sitúanse en 1,4 millóns de euros.

Tendo en conta a alegación referida ao deporte, recoñece que é un dos departamentos que máis crece, dos 1,8 millóns aos 2,5 millóns, e di que a partida xa esta aumentada nun 22%, e 122 mil a 150 mil, e deportivas de San Lázaro por 3,5 millóns de euros.

En educación, anuncia que a partida concreta aumenta un 17%; en muller un 18%; en comercio un 10%; e en camiños veciñais un 40%. Así, rexeita as alegacións referidas por parte do Sr. Reyes Santiás.

No caso das alegacións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, sostén que a número seis tamén propón a supresión de diversas partidas, polo que reitera que non poden facerse, pois inclúen gastos afectados a ingresos, etc. Engade que se propón a supresión da partida por importe de 1,4 millóns de euros na achega de turismo a INCOLSA, e unha partida referida ao fomento de emprego que ten o programa de cualificación profesional Urbana Norte; reducir un 40% programas de emprego, reducir tamén as festas do Apóstolo, núcleos rurais, entroido, etc. un 30%. En informática, asegura que se avoga pola cancelación de contratos vixentes que son imprescindibles para o funcionamento do Concello, e en comunicación o pagamento de publicacións obrigatorias no Boletín Oficial da Provincia, etc, é de imposible aceptación.

En canto ao aumento de partidas, no que se solicita o aumento da renda social sen dúbida unha das prioridades do goberno dentro do marxe de actuación dos límites orzamentarios, lembra que hai un novo plan de emprego que xa está orzamentado de 1,4 millóns de euros, e que o aumento do plan de función pública foi unha proposta de goberno. Sobre a partida de acción social a 450.000 euros, clarexa que a execución foi no ano 2014 de 264.000 euros sobre un orzamento de 300.000, e que está aumentada en 25.000 euros.

En canto ao resto das alegacións, comunica que están resoltas nos informes dos técnicos municipais.

Atendendo ás alegacións presentadas polos sindicatos CIG, UXT, CCOO e Comité de Empresa, di que non presentan alegacións os sindicatos da Policía nin o CSIF, e que o goberno está aberto o diálogo e negociación constante cos sindicatos.

Considera que neste orzamento atópanse medidas moi importantes para a función pública, como a recuperación do 100% da partida que había en 2011, de 531.000 euros

en tres anos; medidas de acción social como aumento da partida 25000 euros a 350.000 mil euros; e o plan de formación por 65000 euros; concurso entre funcionarios 20.000 euros; ofertas públicas de emprego en 60.000 euros, e creáanse 28 novas prazas de promoción interna.

Tendo en conta a falta de dotación orzamentaria dun fondo de acción social, recorda que o compromiso que existe no convenio é do 1,5 da masa salarial e non dun compromiso da mesa de negociación. Non obstante a partida aumenta 25.000 euros, e sitúase en 325.000 euros, a pesares de que a execución foi de 264.000.

En canto aos incentivos por xubilación, remítese aos informes que obran no expediente.

Engade que na carreira profesional constan negociacións por parte da concellaría de persoal cos sindicatos neste senso e que se están a desenvolver neste momento, creándose 28 prazas de promoción interna.

Sen prexuízo do exposto, recalca a vontade do goberno e da concellaría de persoal para continuar negociando de xeito continuo e buscar solucións aos diversos problemas plantexados, e solución de consenso dentro dos límites orzamentarios e legais.

Polo tanto, sostén que a seguinte proposta do goberno é **declarar:**

Non admisibles as reclamacións presentadas polo PSdeG-PSOE.

Non admisible a do Bloque Nacionalista Galego.

Desestimadas as presentadas polo Sr. Reyes Santiás.

E declarar desestimadas as presentadas polos sindicatos CIG, CCOO, UXT e Comité de Empresa.

Aprobar definitivamente tanto o orzamento, os cadros de persoal, e a súa publicación.

A continuación intervén o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

En base ás declaracións por parte do grupo de goberno referentes á proposta de orzamentos, nas que os denominan como “expansivos”, “sociais” e cheos de “grandes investimentos”, pon de manifesto o seu desacordo tendo en conta a realidade.

Di que durante a súa exposición pública e período de reclamacións, o PP tivo a oportunidade de melloralos, pero non foi así, seguindo a liña dos anos anteriores.

Lamenta que novamente empreguen a maioría absoluta para desbotar diferentes propostas, alegando supostas cuestións técnicas ou formalismos que en verdade non son tais.

Asegura que o goberno está a rexeitar reclamacións e alegacións exclusivamente por criterios persoais, tendo en conta quen as presenta, con independencia de que sexan boas ou non para Santiago e para a súa cidadanía e, nalgún caso, independentemente de se a súa aprobación resulta imprescindible para cumprir coa letra e co espírito da normativa vixente.

En concreto, expón que o Grupo Municipal do BNG presentou unha alegación e seis reclamacións.

Profía que o plantexamento que fixeron na reclamación número 6 era moi simple: retraer algo máis de 3 millóns de euros de partidas que dende o seu punto de vista non son imprescindíbeis para o bo funcionamento do Concello (propaganda, protocolo, partidas de gastos diversos, etc.), e adicar eses recursos a tres liñas de actuación irrenunciábeis neste 2015: protección social, creación de emprego, e restablecemento dos dereitos perdidos dos traballadores e traballadoras municipais.

Sobre a protección social, di que a pesar de que o Sr. Rajoy e o Partido Popular tildan a crise como algo pasado, expón que tendo en conta Cáritas, e segundo todos os indicadores socio-económicos e o que calquera de nós pode ver na rúa todos os días, lamentablemente, é presente. Neste sentido, lamenta que as consecuencias da crise económica e das políticas austericidas do Partido Popular, continúen presentes. Argumenta que son máis de 22.000 os veciños e veciñas de Santiago que viven en risco de exclusión social, dos cales máis de 4.000 xa se atopan nunha situación de pobreza extrema.

Nun contexto así, onde os recursos públicos son escasos e as necesidades son urxentes, insiste en que o máis importante é levar a cabo unha boa priorización no uso do diñeiro público.

Nese sentido, indica que para o BNG, a prioridade destes orzamentos está clara: a xente. Defende que a atención ás persoas ten que ser o primeiro e, nomeadamente, a atención a quen peor o está a pasar, e a quen máis desprotexido se atopa. Todo o resto, indica, con independencia de que puidera ser moi importante, viría despois.

En suma, considera que a política social do Concello non pode pivotar na colaboración con accións caritativas de diferentes organizacións non gobernamentais, por importantes que estas sexan. Percibe que o problema non radica en ser máis ou menos caritativos, senón que é unha cuestión de dereitos e xustiza social.

Por ese motivo, lembra que no anterior pleno valorou positivamente a inclusión na proposta de orzamento da chamada “renda social”, poñendo de manifesto as dúbidas que a súa concreción práctica lle suscitaba, pois parecíalle que estaba dotada cunha partida económica moi reducida. Por ese motivo, di que se propuxo na segunda parte da nosa reclamación nº6, a ampliación deses 600.000 euros iniciais a máis de 1,5 millóns de euros. Deste xeito, sinala, permitiría chegar a máis xente cunhas maiores contías económicas, asegurando que esta medida tivera unha incidencia realmente significativa nos sectores máis vulnerábeis da nosa veciñanza.

Por outra banda, mantén que outra gran prioridade do Goberno Municipal, ten que ser a creación de emprego. En consecuencia propón a creación dunha nova partida que lle dera cobertura orzamentaria á que, ao seu xuízo, debería ser unha das principais medidas do goberno municipal de Santiago en 2015: o combate do desemprego mediante a execución dun auténtico plan de medidas urxentes de promoción do emprego na nosa cidade consensuadas cos principais axentes sociais: sindicatos, empresarios, comerciantes, Universidade, institucións públicas, etc.

Con esta proposta, clarexa que o Plan estaría dotado con máis de 1,7 millóns de euros e que as súas accións poderíanse complementar con outras partidas do propio departamento de promoción económica, así como con axudas e programas doutras administracións públicas.

En terceiro lugar, relata que para o Bloque Nacionalista Galego, na liña das alegacións presentadas polas centrais sindicais, e na liña do que levan defendendo neste Pleno durante os últimos anos en diferentes ocasións, resulta imprescindible, que en 2015 se restablezan os dereitos perdidos polos traballadores e traballadoras deste concello.

Considera que esta proposta de Orzamentos, non contempla a dotación económica precisa para facer fronte aos compromisos contraídos polo Concello cos traballadores e traballadoras a través do Acordo Regulador e Convenio Colectivo. Ademais, precisa

que non existe ningunha xustificación en toda a documentación que compón o expediente destes orzamentos, como sería imprescindible, que xustifique a excepcionalidade económica, ou a causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas que motivaría a suspensión dos acordos colectivos citados anteriormente. Máis ben, todo o contrario, e tampouco existe ningún acordo no marco da Mesa de Negociación a ese respecto.

Entende que o Concello está a incumplir a previsión do artigo 172.2 do RDL 2/2004 cando non dota de crédito orzamentario suficiente as obrigas contraídas cos seus empregados públicos sen que existisen motivacións que os xustificasen.

Nese sentido, propón un total de tres mudanzas:

Primeiramente, a eliminación da duplicidade de gasto que supón o mantemento no orzamento das prazas de interventor, secretario e as novas prazas de habilitados nacionais denominadas “secretario de apoio” e “interventor de apoio”, o que foi posto de manifesto e sentenciado como ilegal por sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

En segundo lugar, a inclusión dunha partida orzamentaria na que se recollan os incentivos á xubilación para o exercicio 2015

E por último, garantir a dispoñibilidade orzamentaria precisa para o cumprimento do Convenio Colectivo cos traballadores e traballadoras do Concello. En concreto, solicita que se incremente a partida “Plan de Función Pública” dotada inicialmente con 236.280€ até os 500.000€ para facer fronte, durante o ano 2015, aos custos do desenvolvemento da carreira profesional do Capítulo X dos acordos colectivos. Por outra banda, propón completar a partida “Acción Social” dos 325.000 euros que se contemplaban coma crédito inicial, até os 450.000 euros, tal e como recolle o artigo 5.1.1 do Acordo Regulador-Convenio Colectivo do Persoal deste Concello.

Non entende como é posible afirmar, tal e como fai o PP en resposta ás alegacións, que son suficientes os créditos en materia de persoal cando se incumpre o convenio en vigor. Indica que os acordos adoptados son firmes e executivos salvo que se proceda a súa declaración de nulidade polo procedemento legalmente previsto, ou que unha sentenza xudicial os declare nulos. Pese a este principio xeral, denuncia que o goberno municipal mantén unha posición xustamente contraria. Di que a pesar de que hai sentenzas xudiciais firmes as incumpre, ou pretende con burdas manobras dicir que as cumpre mentres as segue a incumplir, e cando existen acordos válidos e executivos, pasa a incumprilos. Alega que no tema das xubilacións, pese a existir un informe do

Consello Consultivo rotundo que nega a posibilidade de nulidade, o goberno o burla sen dotar esas contías.

Relata que agora sacan a relucir informes xa coñecidos por todos porque están nos expedientes previos á aprobación do convenio pero non contemplan nada novo. Retruca que neste momento non se atopan na fase previa á adopción do acordo, pois están a executar un acordo xa adoptado, senón na de execución porque eses acordos non foron validamente adoptados e terán que revisarse pero non incumprirse.

Parécelle difícil de explicar a inexistencia dun informe previo do departamento de xestión orzamentaria xa que é quen elabora os orzamentos e os configura, e a súa substitución na práctica por un informe único de Fiscalización. Clarexa que dirixe as súas alegacións a quen propón o orzamento e non ao Sr. Interventor.

En referencia á alegación número 6, precisa que hai créditos que son insuficientes para facer fronte ás necesidades básicas que ten que afrontar este Concello. Non considera que sexa un tema que se poida resolver cunha manifestación formalista dun técnico en fiscalización, o Interventor debe informar, pero entende que debe informar tanto dunha proposta de orzamento como dunha proposta de resolución ou desestimación de alegacións ou reclamacións ao orzamento, pero non efectuar a proposta de resolución.

Polo tanto, afirma que unha vez máis, o Grupo de Goberno obvia calquera proposta que non veña do Partido Popular, perdendo así a oportunidade de mellorar unha proposta de orzamentos que deixa moitísimo que desexar.

En resumo, anuncia que o noso grupo votará en contra da aprobación definitiva deste orzamento.

A continuación, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Primeiramente clarexa que o plan fiscal deste goberno para o ano 2015, concretamente as ordenanzas fiscais, son exactamente copiadas das emendas e alegacións do grupo municipal do partido socialista ao longo de 2012, 2013, 2014 e mesmo para este 2015. En consecuencia, pídelle ao goberno que se disculpe ante toda a cidadanía por ter tres anos perdidos neste mandato, cuns orzamentos, cunhas ordenanzas fiscais claramente neoliberais e totalmente fallidas para os obxectivos deste goberno con respecto á cidade de Santiago de Compostela, é dicir, salir da crise,

promover o emprego, impoñer unha política fiscal, impulsar unha política verde, e axudar socialmente ás persoas máis desfavorecidas.

O segundo que non se pode facer, dende o seu punto de vista, é basearse nunha política socialdemócrata por partes tal e como pretende o PP agora nas ordenanzas fiscais, porque as ordenanzas fiscais teñen claramente a súa representación nos orzamentos, na parte dos ingresos, e na gastos. Polo tanto, reitera que o goberno pretende presentar unhas ordenanzas fiscais socialdemócratas avanzadas que atendan os problemas da cidade. Namentres, di que defenden orzamentos fallidos para saír da crise, e para abordar os problemas que teñen os cidadáns e as cidadás da nosa Compostela.

En contra do que afirmou o Sr. Quiroga Limia, retruca que son uns orzamentos antisociais cunha falta de inversión máis que notable.

Lamenta que o PP afirme determinadas cuestións diante dos medios de comunicación para sacar a foto, e conseguir os titulares, mentres que ao pleno e ao Ministerio de Facenda explícanlle o contrario. Con respecto ao último informe denominado tecnicamente cumprimento do plan de axuste, afirma que en realidade trátase de incumprimento, pois recolle unha caída dos ingresos correntes, un incremento dos gastos correntes que non chega ao 1%; unha baixada do aforro bruto; unha baixada do aforro neto, e un crecemento da débeda do concello do 8,68%.

Sobre o tema dos ingresos, informa que baixan absolutamente en todos os capítulos, a pesares de que o goberno tentan maquillar os resultados. Asegura que están a estrangular financeiramente ao Concello de Santiago de Compostela. Afirmar que están a baixar os ingresos no capítulo I, xa que baixan os impostos por mor das ordenanzas fiscais, e baixan tamén en no capítulo II, porque asumen o crecemento do orzamento de urbanismo a pesar de que non aporta absolutamente ningunha xustificación.

A continuación, pregunta en que se basean para afirmar que o imposto de construcións aumentará en 200.000 euros con respecto a 2014, xa que o ano pasado tiveron dezaseis licenzas para a construción de vivendas familiares, de onde sae ese incremento.

Asegura que as aperturas de establecementos baixan, e que existen informes que corroboran que o PP non foi quen de liquidar escasamente o 40% do orzamentado o ano pasado.

En referencia ao capítulo III, sostén que tamén baixa provocando unha situación na que non se compensa a baixada de ingresos pola vía de impostos. Ao respecto, recoñece que o PP sí o plantexa pero non se atopa no que son os orzamentos de gasto.

Tendo en conta o anuncio do goberno sobre a creación dunha axencia tributaria municipal, cuestiona como se vai financiar e a quen queren colocar en dita entidade, xa que durante todo o mandato levaron a cabo un proceso de austericidio.

Pola súa parte, plantexa unha diminución de 1.877.000 euros, reducindo os gastos de propaganda deste goberno, que se incrementan máis dun 51% con respecto aos orzamentos progresistas de 2011, e os estudos e traballos técnicos, por entender que existe un plantel de empregados públicos moi cualificados e profesionais que teñen amosado o seu compromiso coa cidade, pese as liortas tanto xudiciais como internas do grupo popular.

Rexeita o argumento de que non se poden diminuír os estudos e traballos técnicos no orzamento previsto, porque o teñen xa comprometido do ano pasado, e porque entón o incrementan un 17% con respecto ao ano pasado. Alega que iso non é un compromiso pasado.

Por outra banda, plantexa unha diminución de 1.090.000 con respecto a gastos diversos. Di que non se pode traer a este pleno un orzamento no que non se coñece exactamente a partida, a función, o obxectivo, ou o proxecto. E tamén, obviamente, a eliminación da praza de director de área de mobilidade e seguridade cidadá.

Polo tanto, defende que con esa diminución se incrementen os gastos no ámbito de servizos sociais, en 947.799 euros en distintas partidas. Indica que as actividades en servizos sociais, no seu caso, baixan un 27% con respecto aos orzamentos progresistas de 2011 e todo o conxunto de familia, benestar social e muller, baixan un 3,4%, con respecto aos orzamentos progresistas de 2011.

Polo tanto, insiste en que os orzamentos do PP non son sociais.

En referencia ás actividades de emprego, sinala que baixan con respecto aos orzamentos de 2011 un 29%, e as actividades de promoción económica baixan con respecto aos últimos orzamentos progresistas de 2011 un 17,7%, é dicir non promoven a promoción de emprego, xa que con respecto ao pasado somentes suben 8.000 euros.

Así, defende un incremento para un programa de emprego que sexa de 1.307.000, pois durante todo o mandato foron incapaces de presentar un para esta cidade con 8.700 persoas, segundo a EPA, que buscan emprego e non o atopan, e incapaces de xerar un plan de emprego xuvenil. Tamén propón un incremento de 500 mil euros para un plan de emprego de recuperación de espazos públicos, vía infraestruturas e obras.

Dada a situación actual, propón un incremento de 185.100 euros para o comercio e actividades, porque Santiago é unha cidade na que os últimos datos do Instituto Galego de Estatística plantexa que ao remate de 2013, pecharon tres empresas e negocios diarios sen respectar nin domingos, nin festivos nesta cidade, 1055 empresas e comercios pecharon nesta cidade no total.

Con respecto ao tema do investimento, di que somentes teñen dos 11,9 millóns plantexados polo Sr. Quiroga Limia, o 29% asegurado porque son orzamentos financiados polo propio concello, e tendo en conta os seus niveis de execución ate o de agora, simplemente se aseguraría o 8,4% deses 11,9 millóns. Por último, xa que o goberno recoñeceu publicamente que teñen orzamentado con carácter plurianual para os anos 2016, 2017 e 2018, un millón de euros para a intermodal, pide unha explicación para determinar en base a que convenio plantexan este diñeiro.

Para réplica, toma novamente a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

En canto á intervención do voceiro do BNG, matiza que efectivamente coincide en que a renda social é un logro deste mandato, e que evidentemente a partida dotada inicialmente con 600.000 euros pode ser insuficiente, pero reitera que é a primeira vez na historia que se fai esta incorporación nos orzamentos. Polo tanto, indica que xunto coa partida de emerxencia social de cincocentos mil euros, supérase o millón de euros que se podería adicar aos máis necesitados durante o ano 2015. Recoñece que habería que incrementala, motivo polo cal traballarán nese sentido, pois non está pechada e dependendo de como se liquida o ano, será posible ou non facer unha nova proposta.

Sobre o plan de desemprego, profía que aumenta con respecto a 2014, dotándose 1,4 millóns de euros, e que tampouco está pechado de xeito que se poden recibir máis subvencións públicas.

Defende que a filosofía do goberno é continuar co gasto social, tal e como reflicte o orzamento.

En canto ao comentario relativo ás alegacións das centrais sindicais, indica que están a negociar pero existe unha serie de problemáticas que hai que ir solucionando. Informa que a concellaría de persoal está negociando nestes momentos o desenvolvemento da carreira profesional, e aposta por seguir esa senda para recuperar a tres anos o 100% da partida do ano 2011 de incentivos por xubilación mediante un plan de función pública de 531 mil euros. Sinala que a partida de acción social aumenta 25.000 euros situándose en 325.000, e que se crearon 28 prazas de promoción interna. Pese a isto, insiste, continuarán a negociar e a concellaría de persoal, seguirá en contacto coas centrais sindicais, para intentar chegar a un consenso total en todas aquelas reivindicacións nas que sexa posible.

No tocante ao informe de fiscalización, indica que se que abrirá un período de alegacións, tal e como recolle a lei.

Focalizando sobre as alegacións formuladas na intervención do voceiro do grupo socialista, coincide en que o plan fiscal é bo para toda a cidade. Dende o seu punto de vista, serán medidas incentivadoras durante o ano 2015 e, en canto á debeda, precisa que os datos están publicados na páxina web, 65,4 millóns de euros no ano 2011, 40 millóns de euros ao rematar o ano 2015, hai 25 millóns de euros que estarán amortizados, incluso amortizáronse anticipadamente catro millóns de euros. Polo tanto, di que eses 65,4 millóns de euros no ano 2011, 40 millóns de euros ao finalizar este mandato lexislativo, provocan que haxa 25 millóns menos de débeda no concello.

En canto aos ingresos recollidos no imposto de construcións e a licenza por taxas, clarexa que hai dúas fórmulas de ingresos: a xestión e a inspección fiscal que propón a supresión do contrato de inspección e loita contra a fraude fiscal.

Tendo en conta os gastos de publicidade, afirma que o goberno reduciu nun 30% ditos gastos en comparación coa lexislatura 2007-2010, por exemplo no ano 2009, 700 mil euros de gastos e publicidade, fronte aos 416.000 deste ano 2015.

Por último, di que sobre gastos diversos, tal como está explicado nos informes, hai oito subconceptos desa partida, e polo tanto pódense xustificar e encaixar e dentro dos investimentos. Reitera novamente que é o orzamento que maior nivel de investimento de toda a lexislatura 11 millóns de euros, fronte aos 8,5 millóns de euros do ano 2011.

De seguido, outórgaselle a palabra ao **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Manifesta que son uns orzamentos cunha clara orientación de ferramenta de propaganda electoral, e dende o seu punto de vista, cheos de maquillaxe contable, pois reflicten prestamos que pagan outros préstamos, carencias alongadas no tempo para que as pague outro goberno, alongamento no tempo das obrigas pendentes de devolución do PIE, e investimentos supostamente plurianuais que casualmente non teñen consignación orzamentaria ou a que teñen absolutamente residual para 2015. Solicita que en vez de vendelos como un logro, financien a amortización anticipada doutros préstamos.

Nese sentido, sostén que tiveron a posibilidade de mellorallos en todo este proceso de trámite de alegacións e reclamacións, pero que non o quixeron facer, desatendendo as prioridades deste concello a respecto das necesidades reais e urxentes da veciñanza de Santiago.

Lamenta que a renda social non estea mellor dotada economicamente para dotar ao concello dunha maior capacidade de actuación, e de protección a sectores sociais especialmente desfavorecidos. No mesmo sentido, defende a aprobación dun plan de emprego cunha maior dotación económica, co fin de complementalo con outro tipo de axudas. No caso de darse estas situacións afirma que sería posible centrarse nas dúas principais prioridades: a creación de emprego como a protección social, e a corrección do que entende que foi unha política errada, a de facer pagar aos traballadores públicos as consecuencias dunha situación económica que non crearon.

Pese a estar conforme coa actitude negociadora tomada, precisa que son acordos xa tomados, de carácter firme, que forman parte do convenio colectivo dos traballadores e traballadoras deste concello. Consecuentemente, pide que se aplique.

Tilda ao goberno de mal xestor, xa que unha boa xestión económica non se pode avaliar por un superavit, ou por un remanente de tesourería positivo dun exercicio, esa é unha visión sesgada e parcial da realidade económico-financeira que vive un concello e vostedes o saben perfectamente. Defende que é a cidadanía a percibe a xestión no seu día a día, e que a cidade está completamente estancada. Así, insiste en que o BNG vai votar en contra do orzamento municipal para o ano 2015.

Novamente, ten a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

O goberno, insiste, informa de diferente xeito á prensa e ao Ministerio de Facenda. Entre outras cousas, di que incumpriron absolutamente en todos os seus aspectos o

Plan de Axuste e que se adican a machacar sistematicamente ao persoal deste concello.

Sobre o afán negociador e a actitude de consenso da que falou o Sr. Quiroga Limia, afirma que non é así xa que a mesa de negociación celebrouse cando o cadro de persoal e os orzamentos xa estaban elaborados.

Pídelle ao goberno que recoñeza o que van ter que pagar, porque existen suficientes sentenzas que recollen o premio de xubilación, as cales son de execución segundo o Consello Consultivo. Así, pregúntase por que non o teñen en conta, e por que obrigan aos xubilados a acudir sistematicamente os xulgados, canto lles está a custar ao peto dos veciños e das veciñas a través dos orzamentos o que se está a pagar ao bufete de Garrigues para tentar de defender o que non é defendible porque as sentenzas e a xurisprudencia o marca de xeito claro.

Por outra banda, expón que o PP mudou os nomeamentos baseados nos principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade, polo sistema de nomeamento dixital. Ao respecto, solicita unha explicación para determinar como pode ser posible que cando a plantilla, neste caso de policía tiña 149 policía en activo, 16 oficiais, 8 inspectores e 2 inspectores principais, agora sexa de 117, de xeito que haxa 19 oficiais, 10 inspectores e 5 inspectores principais. Dado o incremento de faltas e de delitos, non entende que agora haxa máis mandos superiores, a pesar de que con máis plantilla base e con menos oficiais e inspectores, os resultados en delitos e faltas foran mellores que agora. Pregúntase se o PP ten que pagarlle a alguén favores.

Con respecto á renda social, recoñece que foi unha imposición do grupo municipal do Partido Socialista na negociación por mor das ordenanzas fiscais, pero retruca que o goberno non incorporou os criterios de aplicación desa renda social ás bases de execución do orzamento, para que dende o momento en que se aprobasen os orzamentos, se determinase que é o que está a acontecer, e quen vai ser o beneficiario desa renda social, e en qué condicións se van facer.

Pide que non se fale nestes momentos sobre a creación dunha axencia tributaria municipal, tendo en conta o exterminio que plantexaron cando fai seis meses a tesourería lles pediu máis medios materiais e máis medios humanos, e a súa resposta foi o silencio. En suma, reitera que se queren montar a axencia tributaria, deben dicir que favores teñen que pagar e a quenes queren colocar, porque non se entende que a tesourería non lle contesten cando lle piden medios humanos e materiais, e que nembargantes tenten de montar unha axencia tributaria.

Con respecto aos orzamentos de investimento, di que se pode falar tanto de 11,9 millóns, como de 25, pero engade que durante o mandato nunca pasaron do 20% de execución, e somentes están a asegurar o 29% do capítulo VI, e ao incorporar o capítulo de transferencias de capital non chegan ao 25% do que vai aportar o concello. Pon de manifesto as ausencias clamorosas, e pregúntase onde está o ARIS para os veciños e veciñas de Pontepedriña, onde está o ARIS para o grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, e onde está o diñeiro para investimentos, neste caso no rural, porque este ía ser o mandato do rural. Pola contra, asegura que o PP está a incumplir o que plantexaban no seu programa, porque a estas alturas e con estes orzamentos non se alcanzará nin o 10% do que foi o seu programa electoral.

Polo tanto, diante dos orzamentos que non son nin sociais nin de investimento, e diante dos orzamentos que non van resolver a situación económica da nosa cidade, que non van xerar emprego, que non van xerar promoción económica, que non van axudar ao comercio da nosa cidade, que non van axudar a xente máis necesitada, que non vai investir nos barrios que verdadeiramente necesitan dese investimento, o grupo municipal do PSdeG-PSOE votará en contra dos mesmos.

Co fin de concluír o debate, intervéñ o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

En canto ao comentado polo BNG, sostén que neste orzamento non hai ningún tipo de propaganda electoral, senón renda social, o maior gasto social de todo o mandato, o maior gasto de investimento de todo o mandato, e demais actos e partidas concretas.

Concretando sobre a renda social e o plan de emprego, á vez que recoñece que todo é mellorable, clarexa que foi este goberno o que por primeira vez na historia crea esta renda social. No plan de emprego, precisa que existe un incremento con respecto ao do ano anterior, e unha dotación de 1,4 millóns de euros.

En base ás partidas de función pública, insiste en que a tres anos recupérase o 100% dos 531 mil euros que había no ano 2011, que se aumenta a partida de acción social 25 mil euros, aínda que a execución é de 290.000, e queda en 325.000 euros. Así, asegura que se realizou unha excelente xestión, pois colleuse un concello cunha débeda de 65 millóns de euros, un déficit de 2,5 millóns de euros, e un pagamento a provedores de 140 días, e hai un concello sen déficit, con superávit, cunha débeda que baixará nesta lexislatura 20 millóns de euros, e cun pago a provedores de 30 días.

En referencia ás afirmacións do Sr. Reyes Santiás, di que na prima de xubilación hai que avanzar, pero sinala que hai informes que están en contra deste pagamento.

Sobre as prazas da policía local, afirma que se consignan un total de 28 prazas de promoción interna, das cales 4 son oficiais de policía, máis unha por mobilidade, tres prazas de inspectores de policía, máis unha de promoción interna, e unha praza de inspector principal, máis unha por mobilidade.

Concretando na renda social, manifesta que hai que avanzar, e que de momento non se vai crear ningunha axencia tributaria, polo menos este ano. Clarexa que simplemente se está a estudar a posibilidade para mellorar a xestión.

Por último, referido aos investimentos, recorda que están orzamentados 11 millóns de euros neste ano, fronte aos 8,5 millóns que había no ano 2011, polo que o orzamento cumpre con todos os parámetros que necesita a cidade e debe ser votado favorablemente.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a **votación ordinaria**, tendo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 PP Votos en contra: 6 (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) Abstencións: 0
--

De conformidade cos informes relacionados anteriormente e co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do día 2 de xaneiro de 2015, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 6 votos en contra correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda aprobar a proposta do concelleiro delegado da área de facenda de 29 de decembro de 2014, anteriormente transcrita sobre resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento xeral e cadro de persoal de 2015.

Polo que o Pleno da Corporación, acorda por maioría absoluta dos seus membros presentes a **aprobación definitiva do orzamento e cadro de persoal do Concello para o ano 2015**.

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr.alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **9 horas e 50 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certificado.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.